



3.000 persoas secundan en Lugo a terceira manifestación

“O POBO GALEGO UNIDO CONTRA A DEPRDACIÓN ENERXÉTICA

- **Máis dun cento de colectivos de toda Galiza apoiaron esta convocatoria**
- **Pancarta xigante, eólicos de cartón e música acompañaron a mobilización**

Lugo, 21 de Maio. Arredor de 3.000 persoas participaron esta mañá en Lugo na manifestación **“O pobo galego unido contra a depredación enerxética”**, convocada pola coordinadora local [Un Vento Vén](#).

Nun **ambiente marcadamente festivo e reivindicativo**, e secundada por [máis dun cento de colectivos e organizacións sociais de toda Galiza](#), a **mobilización partiu dende a Torre da Mosquera**, onde minutos antes da saída procedeuse á **apertura dende a Muralla dunha pancarta de 5m. de alto co lema “Non á invasión eólica”**, enmarcada entre dúas bengalas verde e azul, en alusión aos polígonos industriais eólicos proxectados na terra e no mar.

Eólicos xigantes, e multitude de expresións artísticas vencelladas á denuncia da destrución medioambiental e impactos sociais provocados polo actual plan de desenvolvemento eólico, consignas como **“non, non, non, macroeólicos non”** ou **“máis veciños e menos muíños”**, alternáronse con **cantigas contra a depredación enerxética**, algunhas elaboradas expresamente para esta convocatoria, como [Sermos un Xigante](#).

Ao seu paso polo **Concello**, tivo lugar o terceiro acto de [Santa Campaña](#), logo da apertura da mesma a través da [aparición á Conselleira de Medioambiente, Ánxeles](#)

[Vázquez](#), o pasado venres 19 nun mitin en Mesía, e a segunda aparición onte nun mitin do BNG, tamén en Mesía.

Apelando ás súas competencias como administración local, voceiras da manifestación instaron á futura corporación municipal a **actuar para paralizar o polígono Picato a través da activación do Artigo 39.5 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas**, en virtude do cal cando unha Administración Pública teña que ditar, no ámbito das súas competencias, un acto que necesariamente teña por base outro ditado por unha Administración Pública distinta e aquela entenda que é ilegal, poderá requirir a esta previamente para que anule ou revise, e, de rexeitar o requirimento, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo. Nestes casos, quedará suspendido o procedemento para ditar resolución.

“Sabemos que na última Xunta do Goberno local de Lugo, de hai tres días, dáse licenza urbanística para construír o polígono eólico no Monte Picato, e por iso demandamos ás candidatas e candidatos municipais que a revoguen e activen esta Lei para paralizalo, e queremos saber se as candidatas que se postulan ás alcaldías de todos os concellos afectados polas poligonais no territorio galego están dispostas a iniciar este procedemento una vez estean nos gobernos locais.”

Ao chegar á **Subdelegación do Goberno foron enumerados e apupados os polígonos eólicos mariños e os últimos 6 proxectos aprobados polo Estado.**

O **acto final** contou cas actuacións de **As Filofóbicas; Pepa Yáñez; o colectivo CirQuak**, que simbolizou cun número circense a forza que se desprende da unidade do pobo, e cantigas antiéolicas dinamizadas con acordeón e guitarra, pechando ca interpretación de **“Un Vento Vén” a cargo do Leo de Matamá.**

Hoxe en Lugo voltou ser patente a crecente **oposición social, tanto nas áreas rurais como urbanas, á proliferación masiva de polígonos industriais eólicos imposta pola Xunta de Galicia e o Goberno do Estado ao rebufo dos intereses do oligopolio enerxético.**

A produción de enerxía renovable ten que levarse a cabo dun xeito racional e ordenado, e non a base de [modificar a lexislación](#) para dificultar a participación social e acelerar o desenvolvemento de polígonos industriais eólicos sen ter en conta os seus impactos medioambientais e humanos, como está a acontecer arestora.

Estes polígonos afectan directamente ás **augas, á paisaxe, a unha cuestión esencial para a nosa supervivencia como é a produción de alimentos, así como á flora e á fauna protexida**, prexudicando directamente a **calidade de vida da veciñanza**, que de executarse estes proxectos verían relegadas as aldeas nas que habitan á condición de “parcelas” dun polígono industrial.

Esta invasión de proxectos resposta **unicamente a obxectivos lucrativos para as empresas, convertendo a electricidade noutra burbulla especulativa máis. De feito, grande parte da enerxía producida a base da súa concentración en [áreas de sacrificio](#), como o noso País, pérdese durante o seu traslado aos centros de consumo.**

Por todos estes motivos pedimos **paralizar de xeito inmediato o plan eólico vixente e os proxectos en trámite, e apostar por un modelo enerxético transparente, xusto, descentralizado e descarbonizado, que potencie a soberanía enerxética dos pobos, con redución do consumo e sustentado en redes de distribución local.**

Logo da manifestación tivo lugar unha assemblea de colectivos de onde sairá a data e localización da vindeira manifestación.

Grazas pola vosa atención

**Máis información: unventoven@gmail.com
@unventovén**